



A Idade Media: Al-Andalus e os reinos cristiáns (séculos VIII-XV)

Que dúas grandes culturas conviviron na Península durante a Idade Media?
Que evolución se produciu no dominio do territorio?

Introdución

- Nos inicios do século VIII, **a invasión musulmá dividiu a Península Ibérica en dúas zonas**
 - **Dunha banda, Al-Ándalus**, que nos primeiros séculos medievais
 - Dominou case todo o territorio peninsular
 - Desenvolveu unha complexa e próspera economía
 - **Doutra, os reinos e condados cristiáns**
 - A partir do século XII espalláronse ata dominar toda a Península no século XV



A expansión do Islam



A expansión do Islam




A expansión do Islam





A expansión do Islam nos séculos VII e VIII.

beduinos nômades:
tribos dedicadas essen-
cialmente ao pastoreio

An illustration of a desert scene. In the foreground, two camels are walking from left to right. The first camel is light brown and has a large yellow and red bag on its back. The second camel is also light brown and has a red and white patterned bag on its back. A man in a grey robe and white headscarf is riding the second camel. To the right, a man in a white robe and orange sash is walking. In the background, there are several tents, a man in a red robe, and a herd of sheep. The landscape is sandy with some green palm trees and a small stream. The sky is light blue.

caravana de comerciantes: o camelo era
o animal utilizado para o transporte


وَجَلَّ الْقَفْصُ وَالْجِبَالُ وَالْقَبَسُ وَالذَّبَالَةُ أَنَهَا لَفِضَتْ بِلِيٍّ بِاللَّزِ فَا نَضَعَتْ بِمَقْصٍ مِّنْ رَّجْحِكَ
وَنَسْتَدْمُرُ جَمَاهِلًا دَانِيَةً قَرْنَتْ بِالرُّقْعَةِ دَرَمًا وَقَطْعُهُ وَقَلَّتْ لَهَا أَنْ رَغَبْتَ فِي الْمَسْتَوْرِ الْمُعْطَلِ
وَاسْرَنْتَ إِلَى الرَّهْمِ فَوَجَّيْ بِالسِّرِّ الْمُدْهَمِ وَإِنْ أَيْتَانَ تَرْجِي فَخُذِي الْقِطْعَةَ وَأَيْسِرْ حَتَّى



Caravana árabe dirixíndose á Meca.



Guerreiros
musulmáns,
segundo unha
miniatura persa



Mahoma vence na Meca. Miniatura do século XVI



Xuntanza
de artistas
nun xardín
próximo a
Bagdad.




Palacio de Comares e patio dos Arraiáns, A Alhambra, Granada.



Orixe e expansión do Islam.

- zona orixinaria do Islam
- zona de expansión do Islam
- territorio musulmán na Península Ibérica







Miniatura do século XVI, que representa o profeta cos seus discípulos. A tradición islámica prohibe que Alá e Mahoma sexan representados en imaxes. Por iso, o seu rostro aparece sempre velado.



Unha escola en Alepo
(Siria)




No centro da Gran Mesquita, na Meca, está situada a Kaaba, o lugar máis sagrado da relixión musulmá. A Kaaba é un monumento cúbico cuberto por un velo negro, en cuxo interior se atopa unha pedra basáltica negra.



Liña temporal de Al-Andalus.



Exemplar do Corán do século XII.



1.- O dominio musulmán: Al-Andalus (séculos VIII-XI)

- A invasión musulmá, iniciada no ano 711, dividiu a Península Ibérica en dúas zonas, con dous modelos de sociedade ben diferenciados
 - Dunha banda, o Estado musulmán de Al-Andalus, que se consolidou en case toda a Península
 - Doutra, unha serie de condados e reinos cristiás no norte
 - Ata o século XI, pugnaron por resisitir o embate musulmán

1.1.- A chegada dos musulmáns. O emirato (1)

- No 711 un exército baixo o mando de Tariq
 - Formado basicamente por bérberes procedentes do norte de África
 - Cruza o estreito de Xibraltar
 - Derrota ao rei visigodo, Rodrigo, na batalla de Guadalete.
 - Inicia a **conquista da Península**
- A conquista púidose dar por rematada no ano 718, despois de
 - Ocupar Toledo
 - Ocupar o val do Ebro
 - Acadar os contrafortes da cordilleira cantábrica
- Boa parte da nobreza visigoda
 - Pactou a submisión e o pagamento de tributos aos invasores
 - A cambio do mantemento das súas propiedades





Conquista musulmá da Península Ibérica.

A DERROTA DO REI VISIGODO

- Atopándose no Norte de África, Muza nomeou xefe do exército [...] o persa Tariq, para que fose a Hispania con 7.000 guerreiros, a maioría bérberes, xa que había moi poucos árabes [...]. Cando tivo noticia destes feitos o rei Rodrigo, que estaba en Pamplona, preparou un grande exército contra Tariq e dirixiuse cara ao Sur. Pero Muza envioulle a Tariq 5.000 homes máis [...].
- Rodrigo e Tariq atopáronse nun lugar ao carón do río Guadalete e loitaron encarnizadamente. O exército de Rodrigo era superior, pero as súas ás dereita e esquerda, dirixidas por nobres inimigos do rei, fuxiron e Rodrigo foi derrotado.
- *Crónica musulmá da conquista*. Século VIII.
- Quen eran Tariq e mais Muza? E o rei Rodrigo?
- Por que foi derrotado o rei visigodo en Guadalete?



Don Rodrigo e Tariq.
Miniatura de *Descrición
biográfica breve dos reis*,
século XI.

PACTOS ENTRE VISIGODOS E MUSULMÁNS

- No nome de Deus, clemente e misericordioso. Escritura outorgada por Abd-al Aziz ben Musa a Theodomiro ben Cobdux. Que este se avén a capitular [...] coa condición de que non se imporá dominio sobre el nin sobre ningún dos seus, que non poderá ser collido nin despojado do seu señorío, que eles non poderán ser mortos nin cativados [...] nin violentados na súa relixión, nin queimadas as súas igrexas [...]. A súa capitulación esténdese a sete cidades, que son: Orihuela, Valentila, Alacant, Mula, Bigastro, Eyyo e Lorca [...].
- *Pactos entre musulmáns e hispanogodos, 713.*
- Que se establecía neste pacto?
- Relaciónao coa facilidade coa que foi levada a cabo a conquista musulmá da Península Ibérica.



Castelo de época andalusí, de Molina de Aragón (Guadalaxara).




1.1.- A chegada dos musulmáns. O emirato (2)

- Mais os posteriores valís fracasaron no intento de levar a conquista máis alá dos Pireneos
 - **Derrota de Poitiers** ante os francos mandados por Carlos Martel no 732
- Entre os anos 714 e 756, Al-Andalus foi un **emirato dependente de Damasco**
 - Gobernado por un valí
 - Sumido nun clima de constantes tensións
- O inicio dunha época de estabilidade comezou coa chegada á Península de **Abd-al-Rahmán I**, da familia dos Omeia
 - Escapara da morte violenta da súa familia a mans dos Abasís
 - Converteu o territorio nun **Emirato independente** (756-929)
 - Consolidou o novo Estado andalusí
 - Aumentou a recadación de impostos
 - Formou un sólido núcleo de fieis que ocuparon os cargos públicos
 - Organizou un exército mercenario: bérberes, eslavos...
 - Produciuse unha rápida e intensa islamización



O Emirato independente de Córdoba no século VIII

AS FRONTEIRAS DO ISLAM NA PENÍNSULA (SS. VIII-XV)





O emir de Córdoba e os seus dignatarios, segundo un manuscrito do século XVI.

1.2.- A época de esplendor. O califato

- A comezos do século X, **Abd al-Rahmán III**
 - Sentíuse forte abondo para romper todo tipo de vínculos de dependencia co resto do Islam
 - Declarou a súa independencia relixiosa ao se proclamar califa: asume tamén a máxima autoridade relixiosa
- O **Califato de Córdoba** (929-1031) constituíu o período de máximo esplendor andalusí
 - Foi unha época de **apoxeo económico, político e cultural**
 - Con grandes dirixentes: Abd al-Rahmán III, al-Hakam II, o visir al-Mansur...
 - Interviñeron no norte de África, dominando a ruta do ouro de Sudán
 - Ameazaron a existencia dos pequenos reinos cristiáns do norte: saqueos de Santiago, León, Pamplona, Barcelona...
 - Defenderon as fronteiras
- **O poder que exerceu o califa foi absoluto**
 - Podía legislar
 - Podía nomear e depoñer funcionarios
 - Era xuíz supremo
 - Era xeneral dos exércitos
 - Á súa morte podían estalar verdadeiras matanzas de palacio para impoñer un sucesor, que non sempre era o fillo máis vello







- límite cristián-musulmán
- ➔ campañas de Abd al-Rahman III
- ➔ campañas de Al-Mansur



▼
O Califa acompañado dos seus servos, representación dun códice do século XIV.

Doc.2 – Sobre a necesidade do poder

- “Son preferibles sesenta anos de tiranía a unha hora de motín. Só desexa a supresión da autoridade algún insensato extraviado ou algún malvado que anhela conseguir aquilo que lle está vedado. É, xa que logo, obrigatorio para toda grei, rogarlle ao Señor pola rectitude do sultán, comunicarlle a este xenerosamente as súas leais advertencias e dedicarlle dun xeito especial as súas máis ferventes oracións, porque, se o sultán é perfecto, se achan perfectamente as xentes e o país, e a perversión do sultán é causa de que a situación dun e doutro sexa lamentable.”
- **Abubequer de Tortosa: “Lámpada dos principios”, século X**
- **Con que argumentos se defende a necesidade dun poder forte, aínda que sexa absoluto ou tiránico?**

Son preferibles sesenta anos de tiranía a unha hora de motín. Só desexa a supresión da autoridade algún insensato extraviado ou algún malvado que anhela conseguir aquilo que lle está vedado. É, xa que logo, obrigatorio para toda grei, rogarlle ao Señor pola rectitude do sultán, comunicarlle a este xenerosamente as súas leais advertencias e dedicarlle dun xeito especial as súas máis ferventes oracións, porque, se o sultán é perfecto, se achan perfectamente as xentes e o país, e a perversión do sultán é causa de que a situación dun e doutro sexa lamentable.

ABUBEQUER DE TORTOSA: *Lámpada dos príncipes*, século X.

1. Con que argumentos se defende a necesidade dun poder forte, aínda que sexa absoluto ou tiránico?

O califa tiña poder absoluto. Era a máxima autoridade relixiosa, xuíz supremo, xeneral dos exércitos e nomeaba todos os cargos públicos. Miniatura árabe do século XIII.





O califa Abd al-Rahmán III na súa corte recibindo a unha embaixada cristiá

1.3.- Un Estado forte (1)

- Al-Andalus organizou, sobre todo no Califato, unha **poderosa administración** que controlaba todo o territorio
- A **corte de Córdoba**, ou da cidade palacio de **Medina Azahara**, centralizou a administración, na que figuraban
 - Un primeiro ministro ou **hachib**: o máis famoso foi al-Mansur
 - Grandes funcionarios da Chancelería e do Tesouro
- Al-Andalus estaba dividido en **21 coras** ou provincias
 - A súa fronte figuraba un **gobernador**, normalmente membro da nobreza árabe local
- As **ciudades** eran parte esencial da organización política, económica e social de Al-Andalus
 - Constituían o núcleo dunha economía baseada no mercado
 - Eran o centro do poder relixioso e político
 - Distintos funcionarios atendían e supervisaban as actividades económicas, como
 - O coidado do mercado: **almotacén**
 - A orde pública: **zalmedina**
 - O exercicio da xustiza: **cadí**



▼
Abu Zayd, governador de Valencia, fronte ao cadí da cidade siria de Ma'arra (1334).

1.3.- Un Estado forte (2)

- O **cobramento de fortes impostos** permitía manter todo o aparato estatal
- O Corán establecía tan só dous tipos de impostos:
 - Para os musulmáns, **o décimo ou esmola**
 - Sobre a poboación cristiá acumulábase
 - Un imposto territorial: **jarach**
 - Un imposto persoal: **chizya**
- Por último, o mantemento dun **potente exército** garantíalles a defensa
 - Tanto en Córdoba como nas provincias da fronteira
 - Estaba formado principalmente por mercenarios bérberes ou eslavos
 - Al-Mansur converteuno nunha perfecta máquina de guerra

Doc.3 – O exército de Al-Andalus

- “Al-Mansur pensou que as súas tropas debían estar formadas por xentes de diferentes tribos e de elementos heteroxéneos, porque se un dos grupos intentaba rebelarse, podería reducilos co apoio dos outros. (...) Pero os súbditos das terras de Al-Andalus declaráronse incapaces de formar parte do exército (...) xa que non estaban preparados para combater e, ademais, a súa participación nas campañas impediríalles cultivar a terra.
- Non eran, certamente, xente de guerra, e en vista disto Ibn Abi Amir dixou que se ocupasen da explotación da terra a cambio de que todos os anos, previo acordo, lle entregasen dos seus bens os subsidios necesarios para equipar tropas mercenarias que os substituísen.”
- **Memorias do rei Abd Allah de Granada, 1090**
- **Como pensaba al-Mansur que debía estar formado o exército?**
- **Por que foi imposible formalo cos habitantes de Al-Andalus?**
- **Que solución tomaron?**

Al-Mansur pensou que as súas tropas debían estar formadas por xentes de diferentes tribos e de elementos heteroxéneos, porque se un dos grupos intentaba rebelarse, podería reducilos co apoio dos outros. (...) Pero os súbditos das terras de Al-Andalus declaráronse incapaces de formaren parte do exército (...) xa que non estaban preparados para combater e, ademais, a súa participación nas campañas impediríalles cultivar a terra.

Non eran, certamente, xente de guerra, e en vista disto Ibn Abi Amir deixou que se ocupasen da explotación da terra a cambio de que todos os anos, previo acordo, lle entregasen dos seus bens os subsidios necesarios para equipar tropas mercenarias que os substituísen.

Memorias do rei Abd Allah de Granada, 1090.

2. Como pensaba al-Mansur que debía estar formado o exército? Por que foi imposible formalo cos habitantes de Al-Andalus? Que solución tomaron?




Xinetes
musulmáns
en formación
de batalla
nunha pintura
do século XII.
A cabalaría
desempeñou
un papel moi
importante na
rápida
expansión do
Islam.

1.4.- A convivencia de grupos sociais plurais

- A sociedade de Al-Andalus presentou unha **gran variedade de grupos étnicos e relixiosos**
- Entre a poboación invasora musulmá atopábase a minoría dirixente, que era **árabe**
 - Estaba instalada no val do Guadalquivir
 - Era propietaria de grandes latifundios
- **Os bérberes** formaron o grupo maioritario das forzas invasoras
 - Asentáronse en principio nas terras da Meseta
 - Alí practicaron unha gandaría itinerante
 - Adaptáronse mal
 - Acabaron abandonándoas, o que facilitou o avance do reino astur-leonés
- Pero tamén se atopaban en todas as cidades
 - **Xudeus**: exercían o comercio, a artesanía ou a usura
 - **Eslavos** e outros grupos minoritarios procedentes de Europa central e oriental: ocupaban cargos no exército e na administración
- Os **hispanovisigodos** formaban a maioría da poboación
- Fronte a dominación musulmá, tomaron **dúas posicións**
 - Unha de integración relixiosa, cultural e económica, formando o grupo chamado **muladí**
 - Outra de mantemento das formas relixioso-culturais hispanovisigodas, aínda que moi islamizadas, representada polo grupo minoritario **mozárabe**
- Muladís e mozárabes mantiveron, polo xeral, boas relacións cos musulmáns

Unha sinagoga



Que lles chegou a presenza musulmá ás terras hispánicas?

- Durante séculos Al-Andalus chegou á vida das xentes que habitaban a Península,
 - Formas de producir e de vivir diferentes ás dos reinos cristiás da Europa Occidental
 - Sobre todo nos primeiros séculos medievais
 - Con grandes diferenzas segundo a zona
- A contribución musulmá á **agricultura** foi determinante para a conformación da paisaxe agrícola de grande rexións:
 - Introduciron o regadío
 - Introduciron unha enorme variedade de árbores froiteiras e verduras
 - Introduciron a agricultura intensiva, que xerou excedentes orientados ao mercado urbano
- **As cidades non decaeron** como no resto de Occidente
 - Eran o mercado dos produtos agrícolas
 - Nelas asentábase unha produtiva industria artesanal: vidro, coiro, xoias, cerámica...
 - Especialmente téxtil: la, seda, liño, algodón...
 - Algunhas cidades andalusís eran as máis grandes de Europa medieval: Córdoba
- Os poderes públicos encargáronse de
 - Facer reformas urbanas
 - Instalar mercados , baños e bibliotecas públicas
- Ademais, pasaron a formar parte do noso **patrimonio cultural**
 - A lingua árabe
 - Os costumes islámicos
 - Os coñecementos achegados pola súa relación cos territorios de Bizancio e Oriente

A **mesquita** é lugar de culto de estudo dos textos coránicos e de reunión dos musulmáns. Os crentes acoden a ela, especialmente o venres, para realizar as súas oracións.

A súa estrutura é moi simple: un gran **patio** aberto, unha **sala de oracións** e un **minarete**.

quibla: muro orientado cara á Meca

mihrab: pequena capela situada na quibla


minarete: torre para chamar á oración

mimbar: púlpito para dirixir a oración


patio

sala de oracións: divídese en diversas naves sustentadas por columnas que miran cara á quibla

fonte: nela realízanse as ablucións para purificarse




Unha mesquita.




Nun outeiro de Granada construíuse entre os séculos XIV e XV, a residencia dos reis nazarís. Pola cor avermellada dos ladrillos das súas torres, ao recinto chamóuselle Alhambra (*a vermella*). A Alhambra está formada por dous palacios: o dos Leóns e o de Comares. Ao redor dos dous grandes patios, o dos Arraiáns e o dos Leóns, distribúense as dependencias e mais os xardíns.

2.1.- A agricultura: o desenvolvemento do regadío

- Tivo un especial desenvolvemento a agricultura baseada na **gran propiedade**
 - Era traballada maioritariamente en réxime de arrendamento por pequenos campesiños
- Os musulmáns
 - Impulsaron o cultivo de trigo e oliveiras
 - Achegaron especies como os cítricos: laranxa, limón, lima...
 - Achegaron tamén froitas e verduras como espinaca, berenxena, cenoria, sandía, albaricoque, plátano e marmelo
- O máis determinante foron os **sistemas de regadío**
 - **Introdución de noras e aceas** para conducir a auga a través de numerosos ramais
- Así mesmo foron moi abundantes os **tratados agrícolas** que instruían as formas máis axeitadas para cultivar e coidar a terra e os produtos




Unha alcaría de Al-Andalus



A nora



A roda hidráulica



Gravado árabe que amosa unha roda hidráulica, século XIII.

Doc.1

- “Estes coidados dados á terra destinada a recibir as fabas e case todos os demais legumes, fan que a terra que recibiu o chícharo, a faba, o feixón e as lentellas sexa boa para o trigo e que se atope nunha condición superior a calquera outra, pola dupla razón de que as súas raíces son curtas e porque, antes de as sementar, a terra recibiu varios coidadosos cultivos.”
- **Ibn al-Awwám: “O libro da agricultura”. Século XII**
- **Como se traballa a terra nesa época?**
- **Que innovacións se introduciron?**
- **Que son as noras e as aceas?**
- **Que repercusión tivo o desenvolvemento da agricultura musulmá?**

2.2.- O auxe do comercio e da artesanía

- As actividades artesanais realizábanse en **pequenos obradoiros**
 - Os artesáns agrupábanse nunha especie de **gremios**
 - Aínda que tamén había grandes **obradoiros do Estado**
- A produción
 - Abastecía o mercado local e comarcal
 - Pero tamén se destinaba ao comercio exterior
- Al-Andalus estaba integrada nun **circuíto económico** que
 - Se espallaba por todo o mediterráneo
 - Penetraba en África, ata as minas de ouro de Sudán
 - Espállabase cara a Oriente: India, A China...
 - Espállabase cara a zona do Báltico
- A existencia dunha **moeda forte e estable: o dinar de ouro e o dirham de prata**
 - Permitíronlle ao mundo musulmán controlar ata o século XIII, gran parte do comercio desa zona
 - Sen competencia dos reinos cristiáns europeos

Doc.2

- “Este é o libro das ordenanzas do zoco, en que se resume o que debe facer o valí no zoco (...) polo que respecta a medidas, balanzas, cahíces, arrelde e onzas. Tamén hai nel ordenanzas sobre os prezos; sobre a venda de froita antes de sazón; sobre os panadeiros; sobre os carniceiros; sobre a venda de buxainas e figuras; sobre fraudes e dolos; (...) sobre os que regan a dianteira das súas tendas; sobre o que hai que facer cando hai moita lama no zoco; sobre a venda de líquidos por enfermos contaxiosos; sobre a medida minguada; sobre se a favor dun comerciante se ha de expulsar do zoco aos demais e sobre o acaparador. (...)”
- **Yahya Ibn Umar: “Libro das ordenanzas do zoco”. Século IX**
- **Que importancia tiña a artesanía?**
- **A que se destinaba a produción?**
- **Por que falamos de economía de mercado?**
- **Que era o zoco?**
- **De que se ocupan as ordenanzas do zoco?**
- **Por que cres que vixiaban tanto?**



Os produtos agrários e os manufacturados vendíamse nos zocos. A miúdo, os comercios eran ao mesmo tempo o obradoiro do artesán. Miniatura árabe do século XIII.

O zoco ou mercado



A ECONOMÍA DE AL-ANDALUS





Barco de comerciantes
musulmáns no río Tigris.
Miniatura árabe do século XIII.






Dúas moedas de Al-Andalus. A unidade monetaria en terras islámicas facilitou o comercio internacional.

2.3.- O desenvolvemento urbano

- **A poboación de Al-Andalus tendeu a se concentrar nas cidades**
- **Córdoba** chegou a ser a gran cidade de Europa Occidental
 - Comparable a Bagdad ou Constantinopla
 - Sobre todo na época do Califato
- A cidade organizábase ao redor dun núcleo amurallado: **a medina**
 - Era o centro da vida pública, administrativa e relixiosa
 - Nela asentábanse a mesquita alfama, ou principal, a alcazaba, o recinto fortificado e o zoco principal
 - As portas de acceso á medina eran a orixe dos principais eixes urbanos cos seus comercios, almacéns ou zocos, obradoiros e mercados
- **Arredor da medina situábanse os arrabaldes cos distintos barrios que moitas veces eran ocupados por**
 - Xentes da mesma relixión (xudeus, mozárabes)
 - Traballos artesanais afíns (carpinteiros, tecedores, ferreiros, oleiros ...).
- **Extramuros situábanse os cemiterios e celebrábanse as feiras semanais.**

Doc.3

- “Dise que nos arrabaldes eran 21 en total, cada un dos cales, provisto de mesquita, mercados e baños para o uso dos seus habitantes, de xeito que os dun suburbio non teñan necesidade de recorrer a outro nin para os asuntos relixiosos nin para mercar o máis necesario para vivir (...). No centro da cidade e rodeada por estes suburbios estaba a Qasaba (alcazaba) de Córdoba, que se atopaba fortificada e defendida por altas murallas. (...) A circunferencia desas murallas, segundo Ibn Said, era de 24 millas.”
- **Al-Maqqari: “Nafh al-Tib”, século XVII**
- **Que importancia tiñan as cidades?**
- **Como se organizaban?**
- **Que elementos destacarías da descrición da cidade de Córdoba?**



alcázar: casa de campo

xudaria: barrio xudeu

sinagoga: templo xudeu

alcazaba: palacio fortificado

medina

mesquita principal

palacio señorial

nora

ZOCO

mesquita

baños


alfóndiga: edificio público para a compra-venta de trigo

A cidade estaba rodeada de murallas con varias portas que se pechaban cada noite. O centro era a medina, que acollía a mesquita principal e mais o zoco. Na parte máis alta, e de máis doada defensa, atopábase a alcazaba, onde o gobernador adoitaba fixar a súa residencia.

muralla

arrabalde: barrio situado fóra da muralla

Unha cidade hispano-musulmá.



alcázar o palacio señorial

medina

alcazaba:
palacio fortificado

xudaría:
barrio xudeu

sinagoga:
templo xudeu

baños públicos
(hammam)

madrasa

ZOCO

mesquita maior

mesquita


alfóndega

barrio mozárabe

arrabalde

alcaicería

porta principal



2.4.- Formas de vida: lingua e costumes

- **As contribucións da presenza musulmá na Península son innumerables**
 - Forman parte do noso patrimonio cultural
 - O idioma castelán ten máis de 4 000 palabras de orixe árabe, entre elas moitas de toponimia hispánica: Guadalmedina. Guadalquivir, Benalmádena...
- Elementos da vida cotiá proveñen da herdanza musulmá
 - Na gastronomía o aceite de oliva, o uso de froitas e verduras, os turróns...
 - O uso do botón
 - As bibliotecas e os baños públicos
 - A iluminación das rúas...
- Tamén parte da nosa música, instrumentos e folclore teñen as súas raíces nos costumes de Al-Andalus: o pandeiro, a pandeireta, diversos tipos de frauta, o rabel e o atabal ou timbal

Doc.4

- “No ámbito dos xogos, o xadrez foi introducido na España cristiá, aproximadamente no século X, polos mozárabes. Asemade, os musulmáns trouxérano a Al-Andalus probablemente desde Persia, se ben as súas orixes non están moi claras. No “Libro dos Xogos de Afonso X o Sabio” aparecen cristiáns, xudeus e musulmáns xogando entre si, o cal é símbolo da convivencia que chegou a haber en determinados momentos da Reconquista entre os membros destas tres relixións.”
- **L.T.Gil Cuadrado: “A influencia musulmá na cultura hispanocristiá medieval”, 2002**



Eruditos nunha biblioteca árabe. Miniatura do século XIII



Observatorio
metereolóxico de
Taqi al-Din. Miniatura
do século XVI



Un médico árabe curando unha ferida. Século XV

**Unha escola de
Alepo (Siria).
Século XIII**





▼
Ilustración sobre o vestido mourisco, adoptado en parte pola poboación cristiá.

3.- A resistencia cristiá (séculos VIII-XI)


- 3.1.- A orixe dos reinos cristiáns
 - O núcleo astur-leonés
 - Os condados pirenaicos
- 3.2.- Cara á formación de reinos

3.1.- A orixe dos reinos cristiáns

- Opúxose moi pouca resistencia fronte a
 - O avance musulmán
 - A absoluta derrota do exército visigodo
- Só na zona norte da Península
 - Algúns **núcleos de resistencia** opuxéronse á invasión
 - Protexidos polas montañas



Formación e expansión dos reinos peninsulares.




A conquista musulmá da Península





As invasións dos séculos IX e X.



OCEANO ATLANTICO

Londres

París

Rin

Elba

Oder

Vistula

Loira

Garona

Douro

Texo

Guadalquivir

Córdoba

Ebro

Marsella

Roma

Danubio

Constantinopla

Cartago

Mar Mediterráneo




Europa no ano 1000



Cerimonia
de
vasalaxe
segundo
unha
miniatura
do *Liber
Feudorum
Maior*,
século XII.



Xuramento de fidelidade dun grupo de cabaleiros.




O núcleo astur-leonés (1)

- **Os musulmáns non chegaron nunca a controlar a zona da cordilleira Cantábrica**
 - Habitada por vascos, cántabros e ástures
 - Na zona onde se refuxiaron poboación cristiano-visigoda e algúns nobres hispanovisigodos houbo enfrontamentos co exército musulmán.
- Un nobre visigodo, **Pelaio**, seica derrotou os musulmáns en **Covadonga** no 722.
- Os seus sucesores **Afonso I** (739-756) e **Afonso II** (791-842)
 - Crean o **reino de Asturias**, que manifestou a súa independencia do Emirato de Córdoba negándose a pagarlle tributos
 - Ademais, reivindicáronse como lexítimos sucesores da monarquía visigoda
- Na segunda metade do século IX **Afonso III** (866-910)
 - Aproveitou a debilidade dos emires cordobeses
 - Ocupou o territorio entre a Cordilleira Cantábrica e o Val do Douro, unha zona despoboadada e abandonada polas gornicións militares cordobesas.
- Para controlar mellor as novas terras, **Ordoño III** (914-924):
 - Trasladou a capital a León no 914 → **O reino pasou a denominarse Reino de León**
 - Repoboa o territorio con galegos, cántabros e vascos, e tamén con mozárabes fuxidos de Al-Andalus

OCEANO ATLANTICO

Mar Cantábrico




expansión do reino de Asturias


© I.C.L.


O C É A N O A T L Á N T I C O

M a r C a n t á b r i c o




 primitivo reino de Asturias

 século IX: 1.ª expansión e repoboación


 século X: expansión e repoboación do val do Douro

© I.C.L.



Reinos cristiáns occidentais a inicios do século X.

Afonso III e a súa esposa Ximena xunto ao bispo de Oviedo.



Miniatura que amosa a vinganza do Cid pola morte do seu pai. Crónica de 1344.

Doc.1 – Pelaio nas crónicas

- “Non quedara senón a rocha onde se refuxiou o rei chamado Pelaio xunto con trescentos homes (...). Os soldados morreron de fame e non quedaron na súa compañía senón trinta homes e dez mulleres. E non tiñan que comer senón o mel que tomaban do deixado polas abellas nas fendeduras das rochas. A situación dos musulmáns chegou a ser penosa, e ao cabo desprezáronos dicindo: “Trinta asnos salvaxes, que dano nos poden facer?”.
- No ano 133 morreu Pelaio e reinou o seu fillo Fafila
- **Al-Maqqari: Nafh al-Tib, século XVII**
- **Valora a forma en que as crónicas musulmás falan de Don Pelaio e da súa resistencia**

Non quedara senón a rocha onde se refuxiou o rei chamado Pelaio xunto con trescentos homes (...). Os soldados morreron de fame e non quedaron na súa compañía senón trinta homes e dez mulleres. E non tiñan que comer senón o mel que tomaban do deixado polas abellas nas fendeduras das rochas. A situación dos musulmáns chegou a ser penosa, e ao cabo desprezáronos dicindo: "Trinta asnos salvaxes, que dano nos poden facer"?

No ano 133 morreu Pelaio e reinou o seu fillo Fafila.

AL-MAQQARI: *Nafh al-Tib*, século XVII.

1. Valora a forma en que as crónicas musulmás falan de Don Pelaio e da súa resistencia.



- ▶ O rei Afonso II de Asturias nun cartulario da catedral de Santiago de Compostela do século XII.

O núcleo astur-leonés (2)

- **O asentamento da poboación no val do Douro viuse freado durante o século X**
 - Os andalusís levaron a cabo expedicións militares, como as realizadas por al-Mansur a finais do século X
 - Deste xeito, os reis astur-leoneses tiveron que
 - Pagar tributos
 - Recoñecer a superioridade política e militar dos califas
- Para defender o leste da Meseta, **creouse o condado de Castela**
 - Estaba amplamente fortificado
 - Estaba gobernado por condes nomeados polo rei leonés
- Un deles, **Fernán González proclamouse independente no ano 927**
 - Aproveitando a falta de autoridade dos sucesores de Ramiro II
 - Á súa morte no 970 deixou o título de conde vinculado á súa familia
 - Ata que, como consecuencia dunha serie de matrimonios, o condado de Castela pasou a Sancho III de Pamplona

EXPANSIÓN DO REINO DE ASTURIAS (SS. VIII-X)





© I.C.L.

 castelos

• poboacións



expansión do condado de Castela no século X



Reinos cristiáns occidentais a finais do século X.

DOC.3 EXPANSIÓN DO REINO DE ASTURIAS (SÉCULOS VIII-XI)



Os condados pirenaicos

- **Carlomagno**, emperador franco, quería protexer o seu imperio dos musulmáns
 - Tras diversas incursións, algunhas con derrotas como a de Roncevalles
 - Estableceu a **Marca Hispánica**
 - É unha franxa fortemente fortificada ao sur dos Pireneos
 - Foi dividida en condados
 - Estaba gobernada por condes dependentes do emperador
- A comezos do século IX, navarros e aragoneses independízanse simultaneamente dos francos
 - No 817 os hispanos de Xaca crearon o **Condado de Aragón**
 - No 830 foron expulsados os gobernadores francos de Navarra, creándose o **reino de Pamplona**, núcleo orixinario do futuro Reino de Navarra
- Os monarcas navarros tenderon a buscar a alianza co reino ástur-leonés
 - Desexábana para defender a súa fronteira oriental
 - Sancho Garcés I, entre os anos 905 e 925, iniciou a expansión cara a Aragón e a Rioxia: San Millán de la Cogolla
 - O seu fillo García Sánchez I anexionaba por casamento o condado de Aragón
- O dominio carolinxio en terras catalás foi máis duradeiro
 - No 897 o conde de Barcelona **Vifredo o Peludo** converteu os seus cargos en hereditarios
 - No 987 o **conde Borrell II** negouse a lle renovar o xuramento de fidelidade ao rei franco
 - Deste xeito naceron os **condados cataláns**, entre os cales o de Barcelona se foi convertendo no máis estenso e poderoso.





Mar
Cantábrico

REINO
FRANCO

REINO DE
ASTURIAS

REINO DE
PAMPLONA

CONDADOS
ARAGONESES

CONDADOS
CATALÁNS

R. Ebro

AL-ANDALUS

Mar Mediterráneo





Os primeiros núcleos cristiáns nos Pireneos.



REINO DE FRANCIA

REINO DE PAMPLONA

ARAGÓN

AL-ANDALUS

BARCELONA

CONDADO DE CASTELA

ROSELLÓN

BESALÚ

AMPURIAS

URGEL

CERDAÑA

SOBRARBE

RIBAGORZA

PALLARS

Calatayud

Tudela

Huesca

Zaragoza

Lleida

Tarragona

Tortosa

Barcelona

Pamplona

Somport

Jaca

Xirona

Roncesvalles

R. Ebro

- reino de Pamplona
- condados aragoneses
- condados cataláns
- porto de montaña

- fronteira co Islam a principios do século XI
- centros militares musulmáns
- expansión no século XII



Vifredo o Peludo

Doc.2 – Carlomagno en Roncesvalles

- “Decidiu atravesar os escarpados Pireneos, e coa axuda de Cristo, rescatar a Igrexa do cruel xugo sarraceno. Había unha montaña moi alta que case toca o ceo; unha montaña de escarpadas penas, sombría polos vizosos bosques, tebrosos e escuros, e con estreitos sendeiros que entorpecen o paso tanto dun grande exército como dun pequeno grupo. Carlomagno conseguiu franqueala coa axuda do ceo.
- (...) Rematados os asuntos que o levaran a Hispania, despois da feliz marcha de volta, xurdiu un contratempo: os homes da retagarda foron degolados na montaña.”
- **Astrónomo Lemosín: Vita Ludovici Imperatoris, século IX**
- **Que describe o texto?**

Decidiu atravesar os escarpados Pireneos, e coa axuda de Cristo rescatar a Igrexa do cruel xugo sarraceno. Había unha montaña moi alta que case toca o ceo; unha montaña de escarpadas penas, sombría polos vizosos bosques, tebrosos e escuros, e con estreitos sendeiros que entorpecen o paso tanto dun grande exército como dun pequeno grupo. Carlomagno conseguiu franqueala coa axuda do ceo.

(...) Rematados os asuntos que o levaran a Hispania, despois da feliz marcha de volta, xurdiu un contratempo: os homes da retagarda foron degolados na montaña.

Astrónomo Lemosín: *Vita Ludovici Imperatoris*, século IX.

2. Que describe o texto? Información sobre a batalla de Roncesvalles e explícaa.

Segundo conta a tradición, no ano 778, cando o exército franco regresaba ao seu reino atravesando o porto de **Roncesvalles**, foi atacado polos vascóns. Estes derrotaron e mataron os guerreiros da retagarda do exército e apoderáronse de toda a bagaxe que levaban. Este feito nárrase no poema épico *O cantar de Roldán*, escrito en lingua francesa.



Roldán loitando coa súa espada na batalla de Roncesvalles, nunha miniatura de 1462.

3.2.- Cara á formación de reinos

- Co devir dos séculos, **os pequenos núcleos cristiáns do norte fóronse convertendo en reinos máis extensos e fortes**
- No século XI, o **reino de Pamplona** tivo a hexemonía sobre os reinos cristiáns
 - Foi baixo o reinado de **Sancho III** (1004-1035)
 - Anexionouse os condados de Sobrarbe, Ribagorza e Aragón ao leste, e Castela ao oeste
 - Fixo vasalos seus aos reis de León e aos condes de Barcelona
- No entanto, **á súa morte, en 1035, o reino dividiuse entre os seus fillos**
 - Ramiro I proclamouse rei de Aragón
 - Fernando I, rei de Castela
 - García Sánchez II converteuse en monarca do territorio de Navarra



Mar Cantábrico

REINO
DE FRANCIA

REINO
DE PAMPLONA


CONDADO
DE ARAGÓN

CONDADO
DE SOBRARBE-
RIBAGORZA

REINO
DE LEÓN

CONDADO
DE CASTELA

A L - A N D A L U S



herdanza de Sancho III



fronteira co Islam

Doc.4 – Os reis de Pamplona

- “Na era 943 (905) xurdiu en Pamplona un rei de nome Sancho Garcés. (...) Loitando contra os islamitas, causou moitos estragos entre os sarracenos. Tamén tomou baixo a súa tutela todos os castelos situados entre Cantabria e a cidade de Nájera. Certamente posuíu a Terra de Deio con todas as súas fortalezas. Ademais puxo baixo a súa autoridade a “Arba” pamplonesa. Tamén tomou toda a terra aragonesa cos seus castelos. Finalmente, expulsados todos os malvados, no ano XX do seu reinado abandonou o mundo.”
- **Xenealoxía do códice de Roda, século X**


Na era 943 (905) xurdiu en Pamplona un rei de nome Sancho Garcés. (...) Loitando contra os islamitas, causou moitos estragos entre os sarracenos. Tamén tomou baixo a súa tutela todos os castelos situados entre Cantabria e a cidade de Nájera. Certamente posuíu a Terra de Deio con todas as súas fortalezas. Ademais puxo baixo a súa autoridade a "Arba" pamplonesa. Tamén tomou toda a terra aragonesa cos seus castelos. Finalmente, expulsados todos os malvados, no ano XX do seu reinado abandonou o mundo. (...)

Xenealoxía do Códice de Roda, século X.


A herdança de Sancho III

Sancho III o Maior (1004-1035)

- rei de Pamplona
- conde de Aragón
- conde de Sobrarbe e Ribagorza
- conde consorte de Castela



DOC.5 A HERDANZA DE SANCHO III



3. A que entidades políticas deu orixe a herdanza de Sancho III de Navarra?

A consolidación dos reinos



- **No século XI** vanse conformando **cinco reinos inestables**, que loitan entre si e se unen e subdividen constantemente:

- **Galicia e León:** a nobreza dos dous reinos disputan entre si.
- **Castela:** territorio fortificado disputado por León e Navarra, de quen se independiza no 1035.
- **Navarra:** con **Sancho III o Maior** (1000-1035) coñece a súa máxima expansión.
- **Aragón:** no 1035 independízase de Navarra.
- **Condados cataláns**



Fernando I de Castela e León amosando os símbolos do poder: a coroa, o cetro e a lei